

SUPERVISIÓN DO USO DOS ELEMENTOS TIC DAS AULAS ABALAR

Práctica iTALC

Manual: <http://profesblanco.blogspot.com.es/2011/10/sigala-e-italc.html>


iTALC (Intelligent Teaching And Learning with Computers) está suxeita a licenza GNU. Foi creada e desenvolvida por Tobias Doerffel o cal tamén ten os dereitos da súa aplicación. iTALC é un software con fins didácticos para a supervisión do uso dos elementos TIC de aulas, neste caso as aulas Abalar.

A proba de que o software cliente se está executando sen problemas, será pola visualización dunha icona circular verde cunha  i no seu interior, esta icona móstrase na parte superior dereita da pantalla e execútase como un applet ao comezo da sesión de maneira que os usuarios non poden interactuar co software cliente.

Como indicabamos na práctica anterior, despois de creado o grupo no SIGALA e dende o equipo do profesor, podemos acceder o programa iTALC dende o menú “aplicaciones-->iTALC”



A interface do profesor móstrase do seguinte xeito:



Distinguimos tres zonas: Barra de menú superior, Barra de menú lateral e Parte dereita da pantalla. No manual da aplicación descríbense todas as opcións de configuración de cada zona.

No curso só describiremos e practicaremos as posibilidades máis sinxelas de uso na aula, que poden ser:

1. Na barra lateral, na pestana “administrador de clases”, visualizar os equipos dos alumnos conectados o grupo. Podemos ver un mosaico das pantallas dos equipos (ou velos a pantalla completa). **Ver que fai cada alumno namentras lle encargamos unha actividade...**
2. Na barra de menús superior, na icona “mandar mensaje” podemos enviar un texto a un alumno (todos): **“non te vexo traballar...avísote.....”**
3. Bloquear o equipo dun alumno (todos). **Quero que me atendades e deixedes os ordenadores....**
4. Apagar os equipos conxuntamente dende o ordenador do profesor. **Rematou a clase...**
5. Executar unha aplicación no ordenador dun alumno (todos). **Te poño a calculadora e mira como se fai este cálculo...**
6. Colocar no encendido dixital a pantalla completa do equipo dun alumno. **Explícanos a todos o teu traballo....**
7. Colocar nos ordenadores dos alumnos a pantalla dun eles. **Mirade como resolveu o voso compañeiro a actividade....**
8. Facer unha captura de calquera equipo conectado. **Non fai falta que me entregues o traballo, xa teño os resultados....**

